

Buenos Aires, 16 de setembro de 1976.

Sr. D. Marino Dónega Rozas

A Coruña

Querido Dónega:

Recibín as tuas cartas, a derradeira con motivo do pasamento de Emilio que agradecemos moito e cando nos dispoñíamos a acompañarvos no voso sentimento polo pasamento da vosa cuñada. Mais non queremos falar, nin escribir desto. Estamos vivindo un clima proclive, dende fai moitos meses, a este tipo de angurias, sufrimentos. Eu refúxiome no traballo e na soedade. Nunca fixen as exposicións, en cantidade, que aceptei para este ano, xa fixen dúas en Buenos Aires, quedame unha pra fin de ano. Inauguro o sábado vindeiro en Tucumán, en Outubro expoño en Rosario ~~y~~ en Decembro ou Xaneiro en Mar del Plata. A Galicia iremos no derradeiro mes do ano. Fixen moitos grabados, algúns deles para un Bestiario que sale conxuntamente con poemas de un gran poeta arxentino, Alberto Girri, etc. Leo bastante e vexo as películas policiales e as do Oeste por Televisión. Cavilo que eu, que endexamais xuguei a nada, gustárame agora xogar a algún xogos onde homes e mulleres consumen as horas e o inxenio, o tresillo, a canasta, as cartas, etc. Posibelmente en moitos éste é un síntoma de vellez. No meu caso é a necesidade de fuxir da realidade. Xa os espectáculos que un mais quere, cine, teatro, no nos fan fuxir dela senón que a subraian e mostran, na maioría dos casos, a nosa impotencia individual para superala. Estou desmentindo a miña vida. Non me arrepiño dela. Mais é que un comenzou moi novo a querer cambear a realidade que vivíu ~~e cedo~~ e cree ten dereito a sentirse canso. Na Coruña un síntese moi ben entre os amigos que temos nos que contades vos como dos mais entreñabels. Lástima que a vida de un trócanlla o primeiro periodista que lle fai unha entrevista, como ocorre coa que fixo Freixanes. Nin na miña casa teño un sillón de bimbios dende onde falo, nin atopei o galeguismo en Buenos Aires, nin a muller que pinteí con un cartel no peito era unha nai que teño ido a Xanebra a visitar ao seu fillo, senon unha traballadora/analfabeta que iba á sua aldea de Ourense de vacacións, e puxéronlle o cartel advertindo que non falaba francés, italiano e alemán e que era analfabeta para que a axudasen, etc. Fun abogado na Coruña, como ti sabes ben, e non de calquer modo desafortunado. Citei sempre a Laxeiro e non a Colmei

ro como dibuxante importante. Meu pai non me mandou a estudar a Coruña, a escola, senón que vivía de neno cos meus pais na Coruña, meu pai nunca foi tendeiro e non foi home de moitos suores, nin me foron a esperar a Labacolla os amigos que dí, senón outros, e est^o no 49 en Vigo, e non viñamos de Roma senón de Londres. Citei moito a Dieste, nome do que prescinde ao facer a nómina de intelectuales en Buenos Aires, etc. Mais o importante é o que se refire á emigración, pois non soupo recoller o que dixeran con respecto a ela. Eu non defendín os canalles e menos os ricos soberbosos, etc., senón aos emigrantes na súa totalidade, algo que Celso Emilio e parece que tamén Blanco Amor non entenderon. Cando unha multitude emigra non son intelectuales os que influen no país que os recibe senón esa enorme masa que se desplaza. Ao país onde veñen a residir déixanlle costumes, virtudes e defectos, aspectos da súa cultura herdada, que proban seu paso por él, influíndo. E a Galicia, no caso dos galegos, remítenlle o que poden, fundacións no pasado, camiños, escolas, asociacións, e sempre, deica o 36, axuda económica. Os intelectuales influen de outro xeito. Nos herdamos moito como pobo de aqueles distintos que emigraron a Galicia, celtas, romanos, suevos, etc., e non viñerom a deixarnos nada os seus intelectuales. O dereito román nono trouxeron os xurisconsultos de Roma ou de Bizancio, en troques os soldados trouxéronos moito do que aínda somos e mesmo que os celtas e suevos, fadas, leendas, etc. A xenreira venlles con seguridade de ter querido ser tutores dos emigrantes. Eu non fun nunca tutor de ninguén. Fun empleado deles cando dirixín a revista do Centro Galgo e fixen o mais que poden como empleado o outro fíxeno como galeguista, e así como en Galicia non fun amigo dos comerciantes de ultramarinos, por poñer un exemplo, tampouco o fun na emigración cos novos ricos, comerciantes, etc, galegos. Aos homes que coñecín estimeinos primeiro como homes sen me preocupar si eran ricos ou probes. Polo demais as miñas amistades tiveron sempre que ver coas miñas inquedanzas e non ten que ver con esto a nacionalidade. Cecáis escriba con tempo un ensaio encol dos emigrantes. Freixanes non acertou connigo nin tampouco entendeu o problema dos emigrantes. Creio que xa din moito a lata. Perdoame a comprende. Unha grande aperta para Fernanda, para tí, teu fillo, Milagro, etc., de Maruxa e miña: